

PARTICIPACIÓN MASCULINA EN DEPORTES TRADICIONAIS FEMININOS: O CASO DA XIMNASIA RÍTMICA. UN HOME NUN DEPORTE FEMININO: EXPERIENCIA PERSOAL

Rodrigo Vázquez Pardal

Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte e deportista de Ximnasia Rítmica

1. INTRODUCCIÓN

Actualmente estase a traballar na normalización e inclusión da muller no mundo deportivo, campo en que se conseguiron grandes avances na eliminación de estereotipos de deportes propios de cada xénero. Pero queda moito por facer; un bo exemplo é a diferenza de seguimento, recursos e normativas para os deportes que practican as mulleres en comparación cos homes que practican o mesmo deporte, xerando así unha barreira discriminatoria. Polo que non nos podemos quedar só co feito da posibilidade de participación, senón que debemos buscar unha maior implicación institucional e social para chegar a unha igualdade plena independentemente do xénero.

Así mesmo gustaríame chamar a atención do que é o caso contrario, que por outro lado será o tema principal deste artigo. É dicir, nos deportes considerados tradicionalmente femininos non se está a levar a cabo unha inclusión da participación masculina. Como exemplo máis significativo temos as noticias relacionadas coa participación feminina nos Xogos Olímpicos de Londres 2012, no que se resaltaba que era a primeira vez que as mulleres participaban en todos os deportes incluídos no programa olímpico, pero a súa vez os homes non estaban presentes en todos os deportes, feito que pasou totalmente desapercibido e case tomado como algo “normal”, xa que os deportes sen participación masculina son “deportes de mulleres”.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O obxectivo deste artigo é plasmar a realidade que viven os homes na práctica dun deporte tradicionalmente considerado feminino, que neste caso é a ximnasia rítmica: as dificultades para acceder a el, para a aceptación social e institucional e as vivencias durante a práctica do deporte.

A ximnasia rítmica nace como un deporte exclusivamente concibido para as mulleres, relacionado coa estética e a plástica dos movementos, arredor de mediados do século XX, momento en que culturalmente a emotividade, a danza, o baile e a exteriorización de sentimentos están ligados ao xénero feminino. A ximnasia rítmica pasa a formar parte da Federación Internacional de Gimnasia (FIG), sendo a terceira modalidade recoñecida por esta entidade

despois da ximnasia artística masculina e a ximnasia artística feminina. En 1963 en Budapest celébrase o primeiro campionato do mundo na modalidade individual, e en 1967, en Copenhague, o primeiro na modalidade de conxuntos, pasando a formar parte do programa olímpico en 1984 (Los Ángeles) na modalidade individual e en 1996 (Atlanta) na modalidade de conxunto.

A estética que rodea a este deporte está totalmente orientada ao xénero feminino, o que non axuda a inclusión masculina, dado que a aparencia e a presentación das ximnastas na realización das súas rutinas están moi vinculadas con elementos propios do mundo feminino como, por exemplo, a maquillaxe ou a vestimenta, que evolucionou dunhas mallas sobrias e sen grandes adornos a unhas mallas con elementos decorativos moi rechamantes, con posibilidade de incluír unha pequena saia.

A pesar destas barreiras estéticas, o gran atractivo deste deporte fixo que os homes quixesen pasar de espectadores a participantes, sobre todo nos países asiáticos, especialmente Xapón, alcanzando unha gran popularidade. Esta modalidade de ximnasia inclúe movementos propios da danza e coreografía con soporte musical e elementos acrobáticos individuais e en grupo. Nos países occidentais, principalmente en España, a ximnasia rítmica masculina tamén comeza a alcanzar altos niveis de popularidade, presentando unha ximnasia masculina máis homóloga á ximnasia rítmica feminina, coa utilización dos mesmos aparatos e seguindo o código de puntuación establecido.

3. EXPERIENCIA PERSOAL

3.1. Toma de contacto co deporte

Os meus primeiros contactos coa ximnasia rítmica foron a través da televisión, pois, a pesar de ser un deporte minoritario, tiña un seguimento bastante amplo, principalmente durante a celebración dos Xogos Olímpicos, neste caso en Atlanta 1996. Foi un deporte que me chamou a atención e me gustou desde un primeiro momento, mais o feito de que só se contemplaba a participación feminina fixo que me interesase como espectador, seguindo na medida do posible todas as retransmisións das grandes competicións.

Esta situación prolongouse durante varios anos, mais como os programas deportivos se centraban noutros deportes e deixaban menos tempo para a retransmisións de ximnasia rítmica perdín algo de interese, pois era máis difícil seguir a actualidade.

Unha vez na universidade, cursando a diplomatura de Mestre en Educación Física, coñecín a varias compañeiras que fixeran ximnasia rítmica de competición, entre elas Alexandra Ferrer, quen, ademais de facer que volvese a ter un alto interese pola ximnasia e ensinarme algúns dos aspectos básicos do deporte,

foi quen me puxo en coñecemento de que se empezaba a competir na modalidade de ximnasia rítmica masculina, o que fixo que o meu interese fose maior.

Unha vez finalizada a diplomatura, e tras iniciar a licenciatura de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, na materia de Fundamentos e Contidos Didácticos das Habilidades Rítmico-Expresivas, coñecín a Pino Díaz, unha das profesoras da materia e ex-ximnasta do equipo nacional na década dos oitenta, quen tamén me comentou a posibilidade de participar na ximnasia rítmica como ximnasta, poñéndome en contacto con Sandra Estrada, quen sería a miña adestradora.

Foi a partir dese momento, no ano 2006, cando comezou a miña andadura dentro da ximnasia rítmica, como ximnasta no club Ximnasia Arousa da Illa de Arousa, para logo pasar a ser adestrador dentro do mesmo club e tamén xuíz desta modalidade deportiva.

3.2. Primeiras competicións e novas responsabilidades

Despois de comezar a adestrar no club Ximnasia Arousa no 2006, e tras un período de adestramentos e adaptación ao club, comecei a miña etapa de competicións no ano 2007. Primeiro no nivel promoción, competición de nivel autonómico. Tamén foron as primeiras competicións fóra da comunidade galega, sempre no nivel de promoción. Os resultados foron satisfactorios: un campionato galego e varios primeiros postos en diferentes torneos. A acollida por parte das demais ximnastas e adestradoras foi moi agradable, por sorte no club e na federación galega sempre foron moi cordiais e mostráronme moito apoio. Tamén hai que ter en conta a idade en que comecei neste deporte, xa que contaba con 21 anos, o que fixo que algún que outro comentario pouco apropiado, principalmente de persoas que non están vinculadas ao deporte, non me afectase e non fixera caso algún.

Ao ano seguinte comecei coa competición absoluta, conseguindo o campionato galego e participando no primeiro nacional, acadando un cuarto posto. Ese mesmo ano comecei coa formación de adestrador co primeiro nivel, o que fixo que a finais do 2008 pasase a formar parte do corpo técnico do club, en substitución de Sandra Estrada, levando a competición a un conxunto de base que conseguiu o pase ao campionato nacional.



Desde ese momento seguíu competindo a nivel nacional obtendo uns bos resultados, e logrando ano a ano o campionato galego da modalidade, aínda que moitas das veces tiña que competir só debido ao escaso coñecemento que se ten da modalidade, que fai que sexan moi poucos os rapaces que se interesen por practicar este deporte. Até a actualidade estiveron competindo a nivel nacional, representado a Galicia, dous homes máis cos que compartín experiencias e bos momentos: Pablo Silva e Bruno Saavedra.

Ao mesmo tempo, exerzo como xuíz de ximnasia rítmica dende o 2006, participando en diversos torneos e campionatos a nivel autonómico, sendo un dos primeiro xuíces, xa que até hai poucos anos non había. Actualmente somos dous en Galicia, e tamén hai máis a nivel estatal, aínda que ningún participou nun nacional como tal, xa que ao ser recentes non temos nin o nivel mínimo esixido nin a experiencia necesaria, non sendo unha cuestión de discriminación por xénero, senón máis ben por cuestión temporal dun acceso recente por parte dos xuíces masculinos.

4. INICIO DA MODALIDADE MASCULINA.

A principal figura desta modalidade deportiva é Rubén Orihuela. Grazas a súa paixón por este deporte e a súa dedicación e perseveranza podemos contar agora coa posibilidade de participar na ximnasia rítmica. Cara finais da década dos noventa, Rubén tomou a decisión de adestrar nun deporte que até aquel momento só estaba ao alcance das mulleres. Xunto con Alejandra Cespedes comezou a facer exhibicións a nivel nacional por parellas, e tras varios anos, en

2005 conseguiu que a Real Federación Española de Gimnasia (RFEG) aceptase a participación a nivel nacional de ximnastas masculinos dentro da normativa que regula a participación de ximnastas *open*, é dicir, das ximnastas que non teñen nacionalidade española.

A participación masculina seguiu este formato desde ese ano 2005 até o 2008. No 2009 a RFEG presentou a súa normativa técnica anual, na cal se especificaba que a participación nos campionatos pasaba a ser exclusivamente feminina, o que provocou unha gran controversia no mundo da ximnasia. A RFEG xustificaba esta decisión en que na Federación Internacional de Gimnasia (FIG) non se contemplaba esta modalidade e, polo tanto, non había unha normativa que a desenvolvese, así que non podían organizar ningún evento destas características. As protestas dos ximnastas masculinos, adestradores e adestradoras e máis colectivos chegaron aos medios de comunicación nacionais exercendo unha presión o suficientemente forte, e xunto a recomendación do, naquel momento, Ministerio de Igualdade, conseguiron que a RFEG revisase a súa decisión, ademais de que volvese a incluír a modalidade masculina, aínda que cunha gran diferenza, xa que lle daba entidade propia organizando o primeiro Campionato de España de Ximnasia Rítmica, evento que segue actualmente vixente e con máis participación cada ano.

5. DIFICULTADES DENTRO DA XIMNASIA RÍTMICA MASCULINA

Unha das principais dificultades é a relacionada co descoñecemento que existe deste deporte, non só no que se refire á modalidade masculina senón tamén á rítmica feminina, que segue a ser considerado un deporte minoritario con pouco seguimento polos medios de información, tanto nacionais como locais. Este feito, unido ao estereotipo social que vincula este deporte unicamente co xénero feminino, fai desta modalidade unha gran descoñecida para a maioría do público; por este motivo a participación masculina, aínda que é maior cada ano, segue a ser reducida.

O estereotipo de deporte feminino implica que os rapaces que lles guste este deporte atopen moitas dificultades, pois a presión social que sofren pode chegar a extremos que fagan que o abandonen. A nivel persoal, vivín unha experiencia en terceira persoa no clube no que adestro. Tivemos un rapaz de 9-10 anos que finalmente se retirou pola presión que exercían os seus compañeiros, que chegaron a insultalo, e tamén pola propia dos pais, que preferían que o seu fillo participase noutro deporte “máis masculino”, neste caso o fútbol. Estes comportamentos discriminatorios deixan entrever problemas de igualdade de oportunidades, tamén para os homes, que non son propios de sociedades que deben camiñar cara unha igualdade en todos os ámbitos da vida.

Por último, quero comentar as dificultades que as institucións deportivas poñen para que este deporte poida desenvolverse máis facilmente. Por sorte, a nivel autonómico, a Federación Galega de Ximnasia (FGX) sempre manifestou apoio aos ximnastas masculinos, respectándonos e dándonos todas as facilidades das que dispoñían. A nivel nacional, a RFEG apóiase no argumento de que a FIG non contempla esta modalidade de competición a nivel internacional para non dar máis apoio que o mínimo. O continuo cambio de datas foi outra medida disuasoria, xa que a RFEG continuaba organizando o Campionato de España, pero xogaba coas datas para así romper a planificación de adestramentos e buscar o desánimo dos competidores.

Os ximnastas masculinos, a pesar de conseguir que se lles permita a participación en competicións de ximnasia rítmica, teñen algunhas restricións que evitan e limitan a súa evolución como deportistas. En ningún caso se permite a competición masculina en categoría de Base, nin en competición nacional nin autonómica. A categoría de base ten como obxectivo principal ser a competición de iniciación nacional, polo que resulta pouco apropiada a decisión de vetar a participación neste nivel, pois impide que os ximnastas masculinos sigan a evolución como deportistas, que sí se lles brinda ás ximnastas femininas, saltándose esta etapa na formación deportiva.

A nivel nacional e oficial, aos homes permitíselles a participación no Campionato Nacional Individual, que desde 2009 se organiza baixo a denominación de Campionato de España Individual Masculino de Ximnasia Rítmica, co seu respectivo campionato autonómico clasificatorio. Esta é a única competición na que a RFEG permite participación masculina en ximnasia rítmica, xa que no Campionato Nacional de Conxuntos, Campionato Nacional Individual de Equipos e Autonomías, Copa de la Reina e Campionato Nacional en Idade Escolar non teñen posibilidades.

Para competicións non oficiais, todo depende do organizador do evento deportivo (clube de ximnasia), que moitas veces vai ligado á presenza ou non de ximnastas masculinos dentro do clube organizador. A nivel autonómico a Federación Galega de Ximnasia permite a competición masculina nos niveis promoción e escolar (só de participación autonómica, xa que non teñen representación nun nacional) tanto en individual como en conxunto.

Outro feito que actúa como un atranco é que a máxima institución que debería velar polo desenvolvemento e difusión deste deporte non o fai. No referente ás competicións, a RFEG non se plantexa facer ningún tipo de actuación máis que a de incluír o Campionato de España de Ximnasia Rítmica Masculina dentro do calendario nacional e organizalo conxuntamente con outro campionato nacional, neste caso co Campionato de España de Conxuntos de Base. O desenvolvemento das competicións segue a mesma estrutura que os campionatos femininos, organizando en rotacións de aparatos segundo dorsal

asignado nun sorteo, algo que a nivel organizativo é correcto, coa salvedade que o reducido número de participantes fai que sexan rotacións moi rápidas. Outra dificultade está en que os ximnastas masculinos deben participar seguindo a normativa que o código de puntuación establece, pensada para as ximnastas femininas, co cal se potencian cualidades e capacidades físicas que son máis acaídas para as rapazas e onde estas alcanzan maiores niveis de perfeccionamento debido ás diferenzas morfolóxicas presentes entre mulleres e homes.

A nivel internacional pouco coñecemento hai con respecto a esta modalidade tal e como se presenta en España, estando máis recoñecida a ximnasia rítmica masculina xaponesa, aínda que a día de hoxe a FIG non ten propostas de inclusión e regulamentación para ningunha destas dúas modalidades, tendo que adaptarse no caso da ximnasia española a un código deseñado para unha modalidade feminina, que tampouco se adapta a nivel nacional.



6. CONCLUSIÓN

Como conclusión, pódese dicir que, a pesar de todos estes atrancos que sufrimos os que decidimos formar parte deste deporte e desfrutar del, non son os suficientes como para desanimarnos. Empezamos de cero e con un “non” por resposta, pero loitamos para conseguir o que até hoxe se conseguiu, xa que nos move a paixón que sentimos por un deporte, ao igual que os demais deportistas, só que nós quixemos e decidimos un día romper estereotipos e participar nun deporte tradicionalmente feminino. Queremos que este feito deixe de ser anecdótico e un motivo de enfrontamento, pois deberíamos todos

seguir a traballar conxuntamente para eliminar as barreiras de xénero que limitan o acceso e posibilidades en función do mesmo, xa non só no mundo deportivo, que é o que nos atinxe, senón tamén na vida cotiá, respectándonos mutuamente e valorando positivamente as calidades de cada persoa.

Por último, quixera compartir algunhas ligazóns de internet que fan referencia a reportaxes, noticias ou vídeos relacionados coa ximnasia rítmica masculina e que permitirán o achegamento do lector á realidade desta modalidade.

NOTICIAS

<http://www.publico.es/deportes/199033/la-gimnasia-ritmica-ya-es-cosa-de-hombres>

<http://www.20minutos.es/noticia/449408/0/ruben/orihuela/gimnasia/>

http://deportes.elpais.com/deportes/2009/02/05/actualidad/1233822119_850215.html

<http://www.diarioinformacion.com/deportes/2010/12/02/han-dejado-competir-chico/1071374.html>

http://www.lavozdegalicia.es/deportes/2009/02/11/0003_7521444.htm?utm_source=buscavoz&utm_medium=buscavoz

http://www.lavozdegalicia.es/noticia/deportes/2012/10/15/dos-hombres-aros-cintas/0003_201210G15P40997.htm?utm_source=buscavoz&utm_medium=buscavoz

VÍDEOS

<http://www.youtube.com/watch?v=hJ9fxGMjoZs>

<http://www.youtube.com/watch?v=4wK7WJZ2XXc>

<http://www.youtube.com/watch?v=JArHDV3VSxs>

<http://www.youtube.com/watch?v=j0Sn5I7WeSM>

<http://www.youtube.com/watch?v=7IcSZeiG06A>

<http://www.youtube.com/watch?v=1a9L8JVKxFI>

<http://www.youtube.com/watch?v=7tF0JeBhbTg>

http://www.youtube.com/watch?v=vyHxDnRSn_c

<http://www.youtube.com/watch?v=PReg9Mqlzhw>